



## **Non é o mesmo pedir recuperación de poder adquisitivo que pedir un 2,5%**

*A intermediación que solicitamos do Ministerio de Traballo forzou á patronal a reunir de novo a Mesa.*

*AEB desaproveitou a ocasión para tratar de aproximar posicións. Non fixo novas propostas.*

*A mobilización é a única vía posible, pedimos a vosa participación nas mobilizacións da CIG.*

*A vindeira terá lugar o 19 Decembro en Ourense, unha nova Manifestación Nacional da CIG.*

*A unidade de acción sindical, desexada polos compañeiros/as é posible, pero require claridade e un compromiso de mínimos.*

Como anunciabamos no anterior comunicado, a CIG, despois de que a AEB escenificase a ruptura da Mesa de Negociación, solicitou oficialmente a intermediación da Dirección Xeral do Ministerio de Traballo para restablecer a normalidade. Entendiamos que non era bo que tódalas vías de diálogo estiveran pechadas.

Así, onte día 9 de decembro tivo lugar unha nova reunión da Comisión Negociadora. A patronal AEB desaproveitou a ocasión para tratar de aproximar posicións. Nin sequera falou, nin fixo ningún tipo de contraproposta.

É pois responsabilidade da AEB, e por extensión da Dirección de cada un dos Bancos asociados, a situación de conflito que vivimos. Neste senso a mobilización é a única vía posible que nos queda aos traballadores/as para conquistar un convenio colectivo que responda ás reivindicacións sociais.

Queremos facer un chamamento a tódolos traballadores e traballadoras para que participedes nas mobilizacións que se están a convocar. A vindeira terá lugar o **día 19 de decembro en Ourense** cunha **nova Manifestación Nacional da CIG**.

As cúpulas de CCOO e UGT anunciaron que non asinarían un novo Acordo Interconfederal de Negociación Colectiva se a AEB non negociaba na Banca. Finalmente veñen de asinar unha prórroga do acordo coa cúpula empresarial, pactando un tope salarial na negociación colectiva para o ano 2004 dun 2,5%.

Dende a CIG defendemos unha suba salarial de IPC+2, que permita recuperar o poder adquisitivo perdido no anterior convenio. Outros piden un 3% para o ano 2003 e un 2,5% para o ano 2004, pero non se atreven a dicilo.

Os traballadores/as do sector queren unidade de acción sindical para afrontar a situación do convenio. A unidade é posible pero require claridade nos obxectivos e un compromiso de mínimos. Para prepotencia e opacidade xa temos a AEB.

Próxima reunión 14 de Xaneiro de 2004.

Galiza, 10 de decembro de 2003.

